

Ruta do Sal



Cofradía de Pescadores de Carreira y Aguiño

1. O Almacén de Sálvora

En 1770 o comerciante coruñés Jerónimo de Hijosa establece en Sálvora a primeira fábrica de secado e salgadura de peixe. Posteriormente no 1960, engadíronselle dúas torres que a converterían no famoso Pazo de Sálvora coñecido popularmente como o "Almacén". O emprazamento xeográfico da illa resultaba perfecto para as tarefas de desembarco, especialmente pola ausencia de infraestruturas portuarias no actual pobo de Aguiño.



Almacén de Sálvora

Na parte interna do almacén de Sálvora atopábanse os píos para o salgado da sardiña e máis as prensas, que se utilizaban para o seu envasado. Nos redondos tabais de madeira as sardiñas e máis os arenques estaban colocados circularmente coa cabeza mirando ao exterior.



Patio onde estaban os píos e as prensas

Outros puntos de interese:

1.1. O Poboado de Sálvora

Sálvora estivo habitada de xeito irregular ao longo da historia, aínda que o seu momento máis álxido aconteceu a principios do século XX, cando comezaron a vivir na illa máis de cincuenta persoas.



Poboado de Sálvora, en 1921



Poboado de Sálvora, abandonado na actualidade

1.2. O Faro de Sálvora

Na parte máis meridional da illa constrúese en maio de 1852 o primeiro faro de Sálvora. A obra custou cincuenta e catro mil oitocentos catro reais. A iluminación producíase mediante a queima de aceite. Así comezou a vida do faro que en 1880 era xa capaz de alumear con luz vermella os baixos de Corrubedo.



Primeiro faro de Sálvora e fareiro

A Comisión de Faros decide a partir de 1904 construír un novo faro en Sálvora, nun punto máis elevado e visible para as embarcacións. O novo faro sería inaugurado o 5

de decembro de 1921. Case un ano despois do afundimento do vapor correo Santa Isabel. O faro foi construído por González Teijeiro por un importe de 106.630 pesetas.



Inauguración do faro en 1921



Actual faro remodelado en 1954

1.3. A Serea de Sálvora

Nesta pequena illa lémbrese por medio dunha serea de pedra esculpida na década dos 70, a orixe da familia Mariño de Lobeira, que segundo din, provén da relación entre unha fermosa muller criada nas augas do mar e un fidalgo deste reino. Do froito deste encontro nace o primeiro Mariño, denominado con este nome por ter vido do mar. Na placa situada nun dos laterais da escultura pódese ler:

“La sirena de Sálvora tuvo amores con un caballero romano naufragado en la isla. Nació un niño que se llamó Mariño. Un descendiente: José Otero Goyanes, Marqués de Revilla, mediante esta obra quiso perpetuar su memoria”. La ejecutó el notable escultor de Burgos, Ismael Ortega Martí. Año 1968”



Serea de Sálvora

1.4. A Fonte da Telleira ou Santa Catalina

A fonte da Telleira, era a máis importante da illa. Nela aínda existe unha inscrición na que hoxe en día se pode ler:

*ANNO MDCXII
LAUS DEO
AGUA-VIRTUOSA
DA SALUD
Y
FUERZA*

Posteriormente, esta fonte foi rebautizada co nome de Santa Catalina, por influencia da lenda desta Santa, que fuxindo dos seus perseguidores abriu unha cova cerca da fonte, que uniría a illa coa terra firme.




Fonte da Telleira rebautizada como Santa Catalina

1.5. A Praia dos Bois

Nesta praia acostumaban a varar as súas dornas os mariñeiros que a comezos do século XX empezaron a ocupar á illa.



Dornas varadas na praia dos Bois, en 1921



Vista aérea da Illa de Sálvora

Como chegar

Pódese acceder unicamente a través de embarcación.

2. Almacéns do Porto

Os fomentadores cataláns chegan ás costas galegas preparados para a costeira da sardiña. Inicialmente non se estableceron de forma definitiva. Por este motivo, ao principio salgaban a sardiña en almacéns provisionais. Arredor de 1800, foi cando empezan a asentarse os primeiros fomentadores na costa de Aguiño, controlando o sector da pesca e da salga en toda Galicia.

Traen consigo modernas técnicas de salgadura. Fronte ao tradicional escochado galego, que supoñía o tratamento da sardiña unha por unha para destripala antes de ser salgada, os fomentadores cataláns introducen o método de prensado de grandes cantidades de peixe. Ademais de considerar un aforro de tempo, a conservación do produto era maior, co que melloraba a comercialización.

Varias foron as familias cataláns que comezaron a asentarse no territorio: entre elas cabe destacar a familia Villoch, comandada por Dona Joaquina Villoch, e as familias Ferrer, Malres, Barreras e Colomer. Estas familias construíron as fábricas situadas na beiramar, a actual fachada costeira de Aguiño, Carreira e Castiñeiras.



Actual fachada do pobo de Aguiño

Un dos almacéns máis famosos foi o de Colomer. Nel traballaron moitas mulleres no secado do bacallau a partires da década dos 50. Actualmente, o seu lugar ocúpa un grande edificio de vivendas.



Dúas mulleres traballando no almacén de Colomer

Como chegar

A localización destes antigos almacéns de salgadura estaba fronte o actual porto pesqueiro de Aguiño, a ambos lados da Confraría de Pescadores.

Coordenadas GPS: N42.31.271 - W09.01.158.



Confraría de pescadores de Carreira e Aguiño

As novas edificacións non permiten observar os antigos emprazamentos dos almacéns, pero si o lugar estratéxico elixido polos fomentadores cataláns.



Redeiras fiando no peirao



Redeiras fiando fronte os almacéns dos cataláns

3. Almacén da Catía

A salgadura e o afumado levábase a cabo nos lagares, unhas bodegas situadas nas proximidades das ribeiras do mar, como o almacén da Catía. Actualmente, quedan algúns vestixios destas magníficos conxuntos arquitectónicos aínda que outros forman xa parte da historia, como é o caso da fábrica situada na praia da Catía, un almacén de salgadura que deixou de traballar a principios de 1900 e que serviu de teito para varias familias ata que foi abandonada. O almacén estaba situado a pé da praia facilitando os desembarcos da sardiña a bordo das dornas xeiteiras.



Vestixios de pedra que conformaban no seu tempo a fábrica da Catía



Antigo e orixinal almacén da Catía

Como chegar

O almacén da Catía está situada na parte sur de da praia da Catía, ao carón da rampla do porto fronte da Casa do Mar. Existe un pequeno paseo de madeira onde se pode apreciar a beleza deste areal.

Coordenadas GPS: N42.31.422 - W09.00.734.

4. Almacén de Couso

Na zona de Couso proliferaron tamén unha serie de almacéns e conserveiras que tiveron unha importancia enorme na economía de Aguiño. Un deles foi o almacén propiedade da familia Malres na que se salgaba a sardiña a principios de 1800. Posteriormente pasou a mans doutros propietarios que a converteron nunha conserveira. Neste momento podían estar a traballar nela máis de duascenas mulleres. Hai unha década foi convertido nun restaurante que pechou hai uns anos.



Antigo almacén que pertenceu á familia Malrés



Parte traseira do almacén de salazón

Coordenadas GPS: N42.31.209 - W09.02.321.

Outro puntos de interese:

4.1. Alpendre de Couso

Era habitual naqueles tempos, que os fomentadores cataláns se fixeran coa propiedade das redes do xeito e das embarcación autóctonas como as dornas. Ao lado dos seus almacéns posuían alpendres para que os mariñeiros gardasen as artes e os utensilios de pesca despois das duras xornadas de traballo no mar. Ademais, era un lugar onde se acostumaban a facer a reparación das dornas e o fiado das redes.



Antigo alpendre a carón do antigo almacén en Couso

Como chegar

O almacén e máis o alpendre de Couso está situado no antigo porto de Couso, onde os mariñeiros do lugar varaban as dornas xeiteiras. Aínda que o máis fermoso é cruzar a costa por unha pasarela de madeira que comunica o peirao da Covasa co porto de Couso, pódese ir en vehículo. Conducir dirección Punta Couso (onde hai un miradoiro) e 100 metros antes de chegar á conserveira de Ángel López virar á esquerda por un camiño de terra.

Coordenadas GPS: N42.31.209 - W09.02.321.

5. Peirao vello da Covasa

Un dos espazos máis representativos da presenza dos cataláns na parroquia de Aguiño é o peirao do almacén da Covasa. Aínda que case non quedan vestixios nin do primitivo almacén de salgadura nin da posterior fábrica de conservas, o certo é que se conserva un vello espigón orientado cara o mar, onde unha ringleira ordenada de enormes “sillares” ciclópeos de case 70 metros se entrelaza coas ondas da rompente.

Segundo algúns estudos, este peirao puido ser construído polos comerciantes fenicios entre os séculos XII e VIII a. C. cando este pobo de Oriente Medio se atopaba no esplendor do seu éxito no tráfico de compra e venda de mercadorías e necesitaba un porto franco onde facer escala. Sen dúbida desta interpretación, o certo é que foi empregado polos fomentadores cataláns para o desembarco das capturas.



Vista xeral do antigo peirao da Covasa



Detalle dos “sillares” do peirao da Covasa

Outro punto de interese:

5.1. Pedras da Covasa

Do antigo almacén da Covasa quedan algúns lagares soterrados baixo a area, e unha serie de pedras de cantería que posiblemente serían utilizadas para a fase do prensado.

Pechando o peirao en terra firme apreciase un muro de máis de 20 metros de longo construído con grandes anacos de granito dispostos transversalmente ao peirao, e onde se aprecian rebaixos que parecen corresponderse con restos de canalizacións, así como dun sistema de acceso escalonado.



Vestixios do antigo almacén

Estes vestixios do antigo almacén de salgadura indican os florecentes tempos en que os cataláns impulsaron a economía da zona.



Pedras de cantería situadas na parte posterior do peirao vello da Covasa

Como chegar

O peirao da Covasa atópase a menos de 500 metros dirección sur do actual porto pesqueiro de Aguiño. Está sinalizado e o mellor é acceder dando un curto paseo.

Coordenadas GPS: N42.31.185 - W09.01.524.

6. Fábrica de Barreras

No límite norte da parroquia de Aguiño atópanse novas industrias relacionadas coa rica actividade pesqueira da zona. Así, a fábrica da familia Barreras foi un dos símbolos máis importantes da industria conserveira na comarca.

Actualmente, so permanece en pé a fachada principal da casa, que aínda amosa o seu pasado glorioso a través da súa decoración con fermosos azulexos.



Fachada principal da casa



Detalle do ollo de boi da casa

Detalle da rampla de pedra

Como chegar

A casa de Barreras sitúase na parte norte da Praia de Carreira, nun pequeno alto situado entre o límite norte de Aguiño e o límite sur de Castiñeiras. Pódese ir a pé subindo á esquerda dende o porto de Castiñeiras ou ben camiñando dende Aguiño cara o norte pola pasarela de madeira que atravesa a Praia do Castro.

Coordenadas GPS: N42.31.782 - W08.59.916.

7. Secadoiro

Moi preto da antiga casa da familia Barreras atópase a fábrica de Nafonso. Inicialmente esta fábrica foi un secadoiro de congro e posteriormente unha conserveira. Na actualidade, está totalmente reformada e rehabilitada e é unha das industrias conserveiras que aínda traballa na comarca.



Pinche e fachada principal rehabilitada do secadoiro de congro



Detalle da antiga cheminea do secadoiro e da conserveira.

Como chegar

O antigo secadoiro está na entrada sur de Castiñeiras moi preto da casa de Barreras. Está pegada á estrada comarcal principal nunha curva moi pronunciada que marca o límite sur da parroquia de Castiñeiras.

Coordenadas GPS: N42.31.864 - W08.59.888.